

¡Galicia! Nai e señora,
sempre garimosa e forte;
preto e lexos; onte, ago-
(ra,
mañán... na vida e na
(morte!

R. CABANILLAS

a nosa terra

Ano XXX

BOS AIRES, FEBREIRO 1946

Núm. 445

- PRINCIPIOS DO
GALEGUÍSMO
1 - Galicia, unidade cul-
tural.
2 - Galicia, pobo autónomo
3 - Galicia, e comunidade
cooperativa.
4 - Galicia, celiña de uni-
versalidades.

Ofensiva Xeral

Por fin, parece que as cousas de Hespaña van a ser tomadas en serio. Tanto Francia como Norteamérica están decididas a provocar a caída do réxime falangista. Inglaterra manteñese nunha actividade de reserva, pero empeza a impacientarse. Rusia observa e cala.

A barbarie de novo desatada na Península, tivo a virtude de despertar a indignación das xentes máis flemáticas. Non se pode seguir tolerando a vergonza de Europa, o fantoche que Hitler e Mussolini habían imposto aos españoles, no primeiro acto da loita que termiñou co derrubamento do nazi-faixismo.

Francia, en son de protesta, cerrou a fronteira pirenaica para non ter relacións comerciais con asesiños; e os Estados Unidos enviaron unha nota a aquela nación e máis a Inglaterra, propoñendo que se favoreza a constitución en Hespaña dun goberno provisional, que presida unhas eleccións libres.

Tempo era de que as potencias chamadas democráticas se preocupasen de limpar ese foco infeccioso, dándolle a un povo, nobre e valeroso, a oportunidade de ceibarse das cadeas, que o aferrollan. Eso é o menos que poden facer para que a Carta do Atlántico sexa unha verdade e para reparar a inxusticia do marcadado Comité de non Intervención.

Un clamor universal elévase en contra de tiranía franquista. Gobernos e povos reciaman porque en Hespaña se instaure un réxime democrático, que acabe coa pesadela actual.

En esto todos se atopan conformes. No que hai desacordo é respecto ao modo de obrar. ¿Cómo se vai a facer o cambio? ¿Con simples verbas e declaracions más ou menos fortes? ¿Con presión económica? ¿Con intervención directa?

Eiquí está o nudo gordiano da cuestión. E si non se corta, como fixo Alexandre, e inútil que se perda o tempo en discusións bizantinas.

Franco, mentras teña na súa mán a forza das armas, non vai a asustarse de ningunha intimidación, nin interna nin externa. Necesario sería, pois, que o Consello de Seguridade da O.N.U. tomara o asunto pola súa conta, chegando incluso hasta a ocupación militar, que sirvirá de respaldo a un goberno de concentración nacional para convocar a eleccións inmediatas.

Poida ser que houbera xente, ainda democrática, que dixe que tal feito provocaría unha reacción a favor de Franco, por non tolerar o povo español a inxerencia estranxeira nos seus negocios de familia... ¡Lería! O povo español está desexando vivir en paz, co a seguridade persoal garantizada, con alimentos e vestidos ao alcance da maoría, con libertade de pensamento e de expresión...

Bendecidos serían quenes poideran levar a cabo tal obra en Hespaña. Non había de sofrir o noso orgullo por que se intervira dende fora para restablecer a República, que foi asesiñada coa axuda de Alemania e Italia.

Por outra parte, os escrupulos de Estados Unidos e Gran Bretaña sobre dunha intervención de esa natureza, parécen nos dunha hipocresía xesuítica. Invócase con grande prosopopeia o direito dos povos a darse o goberno que lles plazca, o respeto ás nacións, etcétera. Pero, ientón por qué suceden as cousas que pasan en Grecia, na India, en Exipto, no Irán i en tantos outros lugares máis do mundo en que habitamos? Acazo non é unha intervención descarada e de forza a que se realiza neses países?

E si se tratara de reparar inxusticias ou de facer respetar a vontade dos povos, nada teríamos que decir; pero é precisamente para todo o contrario.

Teñímos a valentía de falar con toda claridade. Non os engañemos con verbas de leguleio. A única maneira de evitar unha nova guerra civil na nosa terra é por medio dunha acción directa das Nacións Unidas. E si non, haberá que pelejar coa axuda de quen sexa.

Por qué se Impon o Galeguismo

Na Galiza autonómica nada terán que facer os formulismos nin os vellos tópicos políticos baldeiros de contido afincado na realidade dos problemas nacionais. Tampoco terán de contar os caciques e mixidores de votos, comprometidos todos eles na política criminal i-estrapelista de Franco. E tampouco — isto hai que recalco — terán voz ni voto os cuneiros impositos dende Madrid.

Hoxe, baixo a represión bru-

tal do franquismo, Galiza púxose a camiñar resoltamente, enfrentando todolos perigos. E xa nada ni ninguén poderá contela nin arredala do seu vieiro de recuperación e soerguemento nacional.

O novo movemento, que está abalando ao povo galego deixa facerlle estremecere as más fondas raíces da sua concuencia e do seu istinto, é un movemento integral que non se detén nos lindeiros da xustiza social, nin se está impondo na nosa Terra.

OS SOCIALISTAS DESAUTORIZAN A PRIETO

Sigue Atila en Hespaña CERCO D-EGOISMO — CURAZONS XIADOS

Xa non se lle ve fin. Parece que para decote tivera de sere Hespaña o asento do tiránico reino de Atila.

No tribunal das concencias hai un banquillo baldeiro i-unha sogga colgando para xusgare i-enfocare ao meirande i-odioso criminal de guerra. Non embargantes, a xustiza dos estados democráticos, trunfantes na sua loita escontra do crime, nada fai, na dñe tención para castigare ao asesino dos povos hespaños. Certamente, nos non debemos de ser tidos por xente.

As novas figuras de delito, que Franco inventa para asesinar as xentes honradas, aisceden todo o imaxinabel: O Atila hespaño mataba durante a guerra civil por sere leial ao Goberno lexítimo, por sere republicano, socialista ou comunista, ou por sentirse patriota galega, vasco ou catalán. Hoxe, a máis de seis anos de terminada a guerra, sigue fusilando, enforcando ou condenando a cadeia aos que pretendan organizar un partido político ou acariciar un ideal de libertade.

O mundo, as veces parece estremecerse diante de tanta ferocidade, diante da besta endurecida no crime, diante do interminável derruxibar das vítimas inocentes, e saíe dos peitos, coma un alarido arrepiante, o chamor da xistiza. Os gobernos das grandes democracias formulañan hipócritas protestas de condenación, e siguen friamente a sua colaboración co Atila hespaño.

Aquí teñen diante os derradeiro mortos. Iste mártires non morreron por seren "roxos", ou patriotas galegos, vascos ou cataláns. Iste morreron por contribuir a libertade de Francia e por loitaren hombreiro con hombreiro xuntos cos soldados das grandes democracias.

Non negamos que o egoísmo sexa un sentimento natural; más hai egoísmos que asemellan falla de senso moral, caída vertical dos atributos humanos, retroceso aos istintos da besta.

O caso de Hespaña é un baldón para toda a cultura occidental. E un feito que desminte os seus principios, que amosta as suas inconsecuencias, que deixa a descuberto a mentira dos seus sentimentos.

¿Qué senso teñen hoxe a fraternidade, a cordialidade, a solidariedade e o altruismo? Son verbas baldeiras, froles pintadas, mortaxas de corazóns xiados.

Cando se magoa un sentimento, cando se pisa un direito, cando se nega unha libertade a un home ou a un povo, magóase o sentimento, pírase o direito e négase a libertade a todolos homes e a todolos povos. Pois cada home e cada povo debe sentir as ofensas aos principios e as persoas, consumadas nos alleos, de igual maneira que as feitas a un mesmo. Isa é a consecuencia dos principios e a solidariedade coas persoas.

E, dacordo con esa doutrina, universalmente acetada, non debía estar permitido castigar a uns delincuentes e protexer a outros; tería de facérseles xustiza a todos. Así as verbas terían cabal sentido, i-a moral i-a cultura non serían o que están sendo: unha miserable parodia.

N-unha Hespaña Federal...

"Pro, o mundo revolucionario impúxose na literatura, infriundo non somentes no estilo senón tamén no mesmo vocabulario que se riqueceu grandemente coas verbas que creou o novo réxime e os elementos dos varios povos que forman a Unión Soviética: as culturas das distintas repúblicas federadas contribuíron a crear un vencello político e social meirande, afogando as tendencias separatistas que aforraban na época dos Zares.

A unidade rusa foi rebuscada pola cultura".

A. Groneff "La Esfinge Rusa".

Deixando de lado as consideracións que se poidan facer en canto ó réxime, á idiosincrasia dos povos i-o fautor raza, non é verdade que todo eso podía ser tamén readiade n-unha Hespaña federal? Non sería ese o "desideratum" pra unha Hespaña constituída políticamente ó natural baixo o réxime republicano avanzado?

Craro que si. E que pouco se precisa pra chegar a eso! Son mentes que os hespaños uni-

AMOSTRARIASE "PARTICULARMENTE VACILANTE"

A meneira egoísta, de entranha dura, de concencia rexida polo bandullo, con que o goberno laborista británico ven mercadexando coa dor dos povos hespaños, acaba de ser pintada dun xeito maxistral polo insigne Attlee. O grande xefe laborista opina que, a proposición de Estados Unidos para unha aición conjunta fronte a Franco lle "parecería aceptable, sempre que ela non fuera demasiado drástica". E decir, en boas e craras razons, que terían de facerse as conclusiones de xeito que o Caudillo non fora a tomarlas en serio. Mais, áinda, coma se o dito non fora xa dabondo, engadeu o grande, o humán Attlee: "se a aición escontra de Franco contempra o embargo dos embarques de alimentos e mercaderías, nise caso o goberno británico AMOSTRARIASE PARTICULARMENTE VACILANTE".

¡Qué callo; qué concencia! Fai falla ser ingrés e... labrista.

tario-centristas teñan sentido común.

Unha Información Obxetiva da Actualidade Galega

Un galego que leva moitos anos residindo en Portugal, acaba de facer un viaxe por Galiza, onde recolleu intresantísimos datos, ilustrativos da situación que sofre a nosa Terra baixo a éxida do patibulario Franco. Non se trata dun esaltado esquerdista, comprometido en organizacións de tipo político; trátase simplemente dun pacífico proprietario, antigo comerciante, que ama o seu país natal e que deseja velo felix. Este paisán noso escribelle a un diputado galego, co que leva unha longa e grande amizade, e da súa carta extraemos algúns treitos. Toda ela está chea de doce e espranza.

Non deixou de visitar as sepulturas dos moitos amigos seus que foron fusilados e asesiñados. Penglínou, con emoción relixiosa polos cimenterios galegos, que hoxe son más campostos que nunca. Veu que a lousa de Alexandre Bóveda estaba profanada. Algún cañalla quixo borrar a X do nome para convertirla en J; pero a faca non pudo vencer a dureza do mármole. "Alí está o ronsel de tanto delito, e alí ficou a X, como símbolo supervivente da alma de mártir".

Nesta carta recolle o nosxo irmán as impresións sentidas en presencia da paisaxe familiar e a emoción con que abrazou aos poucos amigos seus que ainda viven. Todo, todo, está escrito con tal espontaneidade, que ben merecería ser publicado; pero sóio daremos a coñecer aqueles treitos en que a verdade se mostra limpia de todo adovio literario e ao marxe do aspeto dramático que a vida íntima de Galiza ofrece hoxe. Tamén recollemos algúns datos que ainda non son ben coñecidos no exterior.

NA FRONTEIRA AXENTES PASAPORTES TRÍPTICOS

Nin ben se traspón a fronteira, xa o invade a un a sensación de ter perdido a liberdade e d-atoarse metido nunhas redes que o teñen engaiolado, redes que non se ven, mais que se sinten apretándolle a un o corpo e o espírito. Os axentes do réxime franquista encorren envoltándolos coas redes n-este orde: Primeiro. Axentes da polía: inspección de documentos, interrogatorio inquisitorial i entrega do "tríptico". Este é un formulario en triplicado. A polía obriga a todo viaxeiro, dende o intre da sua entrada no país deixa o intre da saída, a permanecer baixo a vixilancia policial diaria, pra saber onde pernoita día por día. Ningún hotel nin particular algúnn pode dar albergue nocturno a un forasteiro sen que lle entregue o pasaporte e o tríptico. O hoteleiro ou xefe de fogar onde o forasteiro durma, inda que se trate de familia, ten que mandar o pasaporte e o tríptico á polía local; a polía quedase co tríptico i entrega un novo, que, co pasaporte, se lle dá ao viaxeiro para que o volva a entregar cando vaya a outro aloxamento. As tres follas do tríptico danlle o destino siguiente: unha quedalle ao pouso deiro, outra quedalle á polía local e a terceira vai á Dirección de Seguridade a Madrid. O derradeiro tríptico haino que entregar á polía na fronteira e no intre de abandear o país. Dese xeito a polía vai tendo os fios de todo forasteiro no seu viaxe polo territorio español. Velahí unha inormal saída do maxín da gestapo nazi. Segundo. Axentes da Aduana: Folla de declaración do que un leva; cacheo a fondo. Terceiro. Axentes de Abastecemento: Fanlle entrega a cada viaxeiro da cartilla

de racionamento, con cupón para quince días, renovable por quincena no lugar en que se atope, sen o cal, teóricamente, non é posible comer nin fumar. Tamén é imprescindible facer entrega da derradeira cartilla cando se deixa o paña. Coarto. Axentes do Instituto de Moneda estranxeira: Declaración de canto diñeiro estranxeiro ou valores se levan (non se pode entrar con diñeiro hispánio algun); entrega d-unha folla na que se detalla o diñeiro e valores, na que os Bancos teñen que anotar os troques que se fagan. No intre de sair tensa que devolver esa folla a amostrar que non se leva máis diñeiro estranxeiro que o saldo nela reflexado. Ademais, cacheo a fondo. Velahí o aparelo con que se apreta a todo viaxeiro que queira visitar a España.

ENTRADA NA GALIZA

Entrei na veira dereita do Miño co espírito ateigado de emoción. A terra, soberanamente fermosa, estaba triste, ou cicáis a tristura fose miña, porque n'aquel intre acodiron a min os recordos máis queridos. Os meus ollos, embafados de bágoas, cerráronse para que os meus ouvidos escitasen a doce fala do noso povo. Endexamás ouvíñ falar tan ben o galego. Dende logo, o falar galego é más xeral

de racionamento, con cupón para quince días, renovable por quincena no lugar en que se atope, sen o cal, teóricamente, non é posible comer nin fumar. Tamén é imprescindible facer entrega da derradeira cartilla cando se deixa o paña. Coarto. Axentes do Instituto de Moneda estranxeira: Declaración de canto diñeiro estranxeiro ou valores se levan (non se pode entrar con diñeiro hispánio algun); entrega d-unha folla na que se detalla o diñeiro e valores, na que os Bancos teñen que anotar os troques que se fagan. No intre de sair tensa que devolver esa folla a amostrar que non se leva máis diñeiro estranxeiro que o saldo nela reflexado. Ademais, cacheo a fondo. Velahí o aparelo con que se apreta a todo viaxeiro que queira visitar a España.

A ECONOMIA

Galiza conta hoxe cunha economía forte, saneada e froriente. Galiza está rica. Dende logo non lle debe ese benestar ao réxime de Franco, senón ás circunstancias que valorizaron enormemente os seus produtos naturaes i estimularon ás xentes para outeren maiores rendimentos da terra e do mar. E como resultante das circunstancias favorables, ampiáronse as industrias existentes e xurdiron outras novas. Douse por toda Galiza, tanto nas cidades como nas vilas e aldeas, unha grande febre de construcciones. febre que se mantén e que se olla medrar. Os industriaes ampiaron as suas industrias e levantaron outras novas; os comerciantes remozaron ou ampiaron os seus locais; os capitalistas ergueron grandes edificios pra pisos e apartamentos de renda; os ricos fixérónse más ricos ainda e construiron vivendas de luxo; os labregos e pequenos comerciantes do agro botáronlle pisos ás suas casas ou fixeron outras novas. Esto derradeiro vese ben polas estradas adiante, non sóio por ollar casas

dellar mañán menos proveito, pero son permanentes, posto que provénen de producións nobres e indispensables no consumo xeral.

Pra más, o Estado franquista trata de gañar a Galiza e móstrase de mans abertas, — "eo que nós non perdemos nada, e non hai por qué botarse a chorar por eso, pois non é un regalo que se nos fai, se non unha restitución incompleta". Alí estanse facendo moitas obras públicas, non todas ben destinadas nin ben praneadas; mais, de total-as maneiras, elas acrecentan o acervo de Galiza. Funciona ben o ferrocarril de Santiago á Cruña, que empalmou co de Santiago a Vigo, constituyendo unha soia liña. Esta en prena construcción o de Curente a Zamora. En Ourense están xa montando unha xigantesca ponte metálica sobre do Miño, au gas arriba das outras duas pontes, que agora fican pequerrechas, como xoguetes, á veira da nova. Tamén se está facendo o túnel por baixo do Monte Alegre, para esa liña férrea. Na Base Naval de Martín fixérónse i estanse facendo grandes obras: peirás, edificios para Escola Naval, Hospital, Ximnasio (que din que vai ser o mellor de Europa) e unha barriada de casas para os xefes e profesores, todo o cal custa por riba de 150 millóns de pesetas. Construíronse moitos e grandes coarteles para o exército e a guardia civil, un Instituto monumental en Lugo, edificios para Aduanas, etc. etc. "Lá tema grande que tanto diñeiro invertido en coarteles e cousas parecidas non se gastase en escolas primarias, maternidades, etc., pero sempre nos queda a espranza de adaitalos mañán a más proveitosos e nobres destinos. Non che parece que mañán farán falia grandes edificios para montar as Cooperativas?"...

A desconfianza das xentes polo diñeiro é xeral, i elo explica, en gran parte, o auxe das construcciones e do afán de adequirir bens imobles. Os capitalistas non querren ter o diñeiro estancado nos Bancos, por medo a que se lle convierta en vento.

Tampouco inspira confianza o papel do Estado emitido por este réxime. Tanto é así que son moltos buscados, e pagados con forte prima, os papeis do Estados anteriores a 1936.

O siilo da España de hoxe é "Estraperlo" — verba xa estendida a toda Europa, como se estendeu a verba "pronunciamento". Todo o mundo en España, desde os de enriba até os de embaixo, están pendentes d-eso. Uns aituando de "estraperlistas" (vendedores a maior prezo do tasado polo desgobierno imperante) e outros aituando de compradores. Todo canto producido ou xenero é sometido polo Goberno a racionamento cai desguida nas gadoupas do "estraperlo". Elo é fonte abondosa de toda casta de inmorralidades e perturbacións no orde económico. Funcionarios de outa, baixa e medianas categorías, industriaes e comerciantes grandes e pequenos, están emporellados co "estraperlo". Fai se "estraperlo" cos víveres, coas teas e xéneros, co calzado, coas materiais de construccion, coas drogas e meicinas, coas billetes de ferrocarril, co tabaco, coas ferramentas de traballo, etc. etc. "O "estraperlo" é un verdadeiro cáncer na España actual; i eu penso que por si sóio, sen máis nada, chegará a terminar minando o réxime e derrubando a Franco e o aparello que él inventou".

"A Radio Londres, que faz transmisiones diárias especialmente adicadas ao povo español, é a única fiesta que España ten aberta ao mundo, e, como poderedes comprender, a xente escuta estas emisiones con verdadeiro ancio. Radio, en verdade, unha labour magnífica, pois os seus noticiarios erguen, dia a día, o ánimo das xentes da nosa Terra. A democracia española nunca lle agradecera d-abondo á Radio Londres o beneficio que lle ven prestando".

E se A NOSA TERRA quixera locírse a costa dos "repúblicos" que se empeñan en non comprender a nosa actitude, sacariám d-esta carta outros treitos en que se confirma o descreto en que caeron os que, sendo responsables de todo canto ocorreu en España, pensan volver ás andadas...

"Galiza é republicana, pero autonómista, ben segura do seu destino".

Fábrica de Sobres

Fotográficos y Radiográficos para el Comercio y la Industria

Pedro F. Darrigol

M. DE OCA 202 - 3º F.
U. T. 23 - 9081

Camisería de
mesura fina

PREZOS BÓS

BRIGO

Sáenz Peña 14 - Bós Aires

As principais fontes que deitan tanta riqueza en Galiza foron: a grande valorización do ganado e dos froitos da terra, os cales se esportan ao interior da Península; a esportación enormemente acrecentada e valorizada das madeiras; os abastecimentos extraordinarios de conservas para os exércitos aliados, que ainda subsisten prás tropas de ocupación no centro de Europa; o wolfram, que botou riadas de millóns sobre da Galiza perante, a guerra mundial. Compre engadir que todo este caudal de diñeiro entrado no noso país, fixo moitos novos ricos, Enriqueceu ainda más aos que xa o eran; pero non se estancou en tan poucas mans como n-outros sitios de España, pois dada a estructuración económica e social de Galiza, o diñeiro está relativamente distribuído como para decir que Galiza é rica. A explotación de wolfram é a única fonte que se cegou, posto que era a única plenamente ocial. Todas demais poderán

Suprimimos da carta, como é natural, todo canto pode comprometer a persoas ou entidades sometidas á barbarie falanxista; pero a reseña, n-este punto, é alienadora e espranzada.

A instrucción primaria fica descoñecida. Funcionan poucas escolas e as poucas que hai son ruínas. E xa non digamos o pernicioso que é a orientación ideolóxica dos rapacinos, deficienteamente instruidos e espiritualmente deformados. Poderán ver que moitas escolas, sobre de todo as que tiñan bons edificios, construídos polo liberalismo municipal ou polo patriotismo dos emigrados, están adicadas a coarteles da guardia civil, organismos falanxistas, auxilio chamado social, frentes de xuventudes, etc. "Todo esto dá moita tristura, pero cíclicas fose piór que o réxime franquista se preocupase polo instrucción e nos atopásemos mañán con xeneración novas empedernidas no

Concepción Arenal

Concepción Arenal, xuntamente con María Pita, Rosalía Castro e a Pardo Bazán forma parte da tetraloxía de mulleres ilustres de Galiza. Nada no Ferrol



No ano de 1820, trasladouse a Madrid en idade temprán, desfazéndose polo seu aneio de saber, que a distingüía das xóvenes daquela época.

Percorria bibliotecas, estudiava idiomas, e como non era ben visto que as mulleres asistiran ás crases da Universidade, vestíase de home para pasar inadvertida.

Así foi formando o seu espírito e creando unha concencia orixinal e libre dos prejuicios sociais.

Escomenzou escribindo poesías e lixeiros traballos literarios, que si non lle deron fama, revelárona como muller de talento e de corazón.

E éste foi o que termiñou por imporse e marcar a roita da súa vida. Dotada dunha alma bondadosa e sentimental, non podía sofrir as dores alleas. Cada inxustiza que vía, cada desgracia que ollaba enchiana de tristura e aflicción. Sempre que podía aliviar unha pena ou remediar un mal, ali estaba ela pronta a acudir coa súa meiciná.

Cun outo espírito cristián, diño dos primeiros apóstoles da fraterna doutrina, visitaba as chouzas dos probes e as miseras prisóns, onde se albergaban más desgraciados que criminais. A todos levaba doces verbas de consolo e axuda material para a súa vida chea de残酷de.

Para chamar a atención do mundo e dos gobernos, adicouse a profundizar no estudio dos dous problemas más antigos: a probenza e a delincuencia. Enviou traballos aos Congresos penitenciarios de Estocolmo, Roma e San Petersburgo, que foron aceptados como axiomas; publicou libros encol da maneira de tratar aos presos e visitar aos probes... foi en suma, unha verdadeira revolucionaria nesas materias, que ainda hoxe non atoparon solución.

Foi tamén unha precursora do movemento feminista publicando un libro titulado "La mujer del Porvenir".

E esta muller exemplar, non sólo se entregou por enteiro a remediar maes que a sociedade non sabe ou non quiere remediar, sinón que ainda tivo tempo para crear un fogar e cuidar dos fillos, que á morte do seu home

quedaron ao seu amparo. Como boa galega, non renunciou aos deberes que a súa natureza lle imponía, por unha disciplina intelectual, que por moi nobre que



fose, non bastaba para facerlle olvidar a súa condición de muller.

En todas partes se rinde homenaxe á súa memoria. Prazas e rúas levan o seu nome, e multitud de estatuas érguese como prova de agradecimento e admiración universais.

Morreu esta santa muller, en Vigo, o 4 de febreiro de 1893. Cúmprese, pois, neste mes un novo aniversario da súa desaparición. A NOSA TERRA complácese en adicarle este recordo a quem foi honra de Galiza e do mundo.

A Matanza do Porco

Xa chegou do porco o instante supremo. Todo está disposto para o gran suceso. Recén afiados, brillan os coitelos; o tallo está listo; limpos os caldeiros; atópase o baño de sal casi cheo; na cociña esperan os verdes loureiros; de piñóns e pasas, hai xa con exceso...; solasmente falla que veña o bó tempo. Entón calquer dia, pola mañán cedo, no tallo deitado, ao porco veremos, abrouxando a todos cos seus fortes berros. Pero o matarife con golpe certeiro deixará sin folgos ao porco do demo. O sangue espumante caerá nun barreño, mentras unha dona vairo remexendo, e con él sabrosas morcelas faremos. ¡Cántas cousas boas pra chuparse os dedos! Con castañas maias, rixóns comeremos, raxo en empanada, chourizos a eito, perniles curados e lacón con grelos. ¡Ai! Hespánia enteira, que oxe morde o freno, brincará ese día tola de contento.

Verduzillo.

Una Vieja Preocupación Cultural

(Exposición del Prof. A. Alonso Ríos a la colonia gallega, hecha por Radio Buenos Aires, en la audición "Recordando a Galicia", el 17 del corriente mes).

Me dirijo a la colonia gallega de la Argentina para formular ante ella una vieja preocupación.

Una gran colectividad, como la nuestra, tiene el deber, un deber ineludible, de realizar cosas grandes en todos los órdenes.

Es evidente la importancia de la obra cumplida, con exemplaridad trascendente, en el terreno mutualista y en la exaltación patriótica de nuestras figuras próceres y de nuestros altos valores culturales.

Pero es igualmente cierto nuestro olvido, nuestro condenable abandono, en los aspectos económico y educativo.

Carecemos de una Cámara Gallega de Comercio, y de un Banco auténticamente gallego.

No tenemos un solo Club deportivo; ni tampoco escuelas especiales que cultiven las modalidades del espíritu gallego y favorezcan su incorporación a laaciente cultura argentina.

Todo ello forma parte de aquella vieja preocupación; pero, de un modo especial, esto último. Es decir: La necesidad de adaptar nuestros valores culturales al ambiente de la emigración.

Voluntad, trabajo, iniciativa social, previsión, patriotismo, sentimiento saudoso del solar nativo y tradiciones artísticas y sociales, forman parte de la preciosa dote con que nos ha favorecido nuestra vieja cultura.

Estos valores han asegurado el éxito de nuestras entidades grandes y pequeñas, cuando ellas se propusieron una finalidad concreta y atemperada a sus medios. La multitud de mestezas que demandaban recursos limitadísimos, justificó, en su hora, la existencia de las pequeñas asociaciones locales.

Hoy las cosas han cambiado; las grandes finalidades mutualistas, culturales y económicas, que deben llenarse en la emigración, exigen instituciones poderosas y dotadas de grandes recursos humanos, técnicos y monetarios.

Por ello mi voz se dirige a la colectividad gallega tomada en su conjunto —con apreciación de su ingente potencial humano, su capacidad económica y su alto valor social— para exponerle mi vieja preocupación.

La adaptación de nuestros valores espirituales al ambiente nacional argentino, demanda toda una serie de instituciones culturales, que, desde la escuela primaria hasta los centros de altos estudios, realicen, con particular esmero, el cultivo de aquellas predisposiciones y sentimientos que deben imprimir carácter a la personalidad moral y a la modalidad artística de nuestros descendientes.

Es necesario establecer la continuidad entre el hogar y la escuela: cultivando en el hogar el sentimento de la Patria Argentina —que hemos de procurar que nuestros hijos lleguen a sentirla con la honda intensidad con que nosotros sentimos a nuestra Patria Gallega—, y cultivando en la escuela el sentimento filial y los elementos tradicionales de fortalecimiento moral y de educación estética

que plasmaron nuestros sentimientos, nuestra sensibilidad y nuestro carácter nacional.

Nuestro sentimento del paisaje, nuestra tenacidad, nuestro espíritu de empresa y ese orgullo de nuestra honradez insobornable, deben acrecentar la herencia espiritual con que el hogar y la escuela habrán de dotar a nuestros descendientes.

Nuestra colonia crearía así un perfil propio dentro de la más pura argentinitud. Perfil que habría de acusarse por el entronque de nuestras tradiciones con las tradiciones argentinas, por la incorporación de nuestra música popular, por el sentimento saudoso del paisaje y por la evocación romántica de la Tiebla.

Para lograr que este perfil moral, social y estético se plasme en un hecho operante, hay que suprimir la solución de continuidad que media entre nuestros hogares y la escuela pública, salvando a nuestros niños de esa brusca inmersión en un ambiente poco propicio a sus sentimientos filiales. Y es igualmente necesario crear el sistema de instituciones culturales adecuadas que, en un ambiente favorable, cultiven y consoliden los atributos peculiares y fundamentales de nuestra personalidad tradicional.

Sólo así podremos conseguir que nuestra "saúde", nuestra música popular, nuestras modalidades colectivas, nuestro espíritu de iniciativa, nuestra capa-

cidad de empresa, y nuestro estilo personal sean adquiridos por nuestros hijos.

Ahora bien, para dar vida y sostén a estas instituciones de cultura, se requiere un esfuerzo gigantesco, que desborde las posibilidades de los pequeños núcleos en que se halla dividida nuestra colectividad. Se trata de una empresa que reclama una suma total de energías: una empresa que sólo puede ser acometida por la colectividad gallega en su unidad, como una empresa nacional.

Es realmente un cometido arduo; pero es igualmente un cometido fundamental y trascendente.

La Galicia emigrada tiene el deber de buscarse, de concentrarse y de lograr su unidad para dar cima a esta gran obra cultural, obra que debe ser su empresa colectiva y su blasón ante la historia.

He ahí mi vieja preocupación, enunciada desde esta tribuna de Radio Buenos Aires, que la audición "Recordando a Galicia" ha tenido la gentileza de brindarme.

Que ella quede flotando en el ambiente a lo largo y a lo ancho de la gran llanura argentina, como el llamado de un corazón gallego que busca el eco de los corazones fraternos; como una demanda que trascendiera de la Tierra lejana, cual si sonase en la silenciosa cumbre de nuestras montañas, o surgiera del manso arrullo de nuestras rías.

Os Crímenes do Franquismo

"Fillo de dous criminais", chamaron na asamblea da O.N.U a o réxime de Franco. Fillo de dous criminais e criminal, o tempo, é ese réxime que, agora que se ve condenado a desaparecer, semella non ter mais fin que o de morrer matando, pol-o pracer sádico de verter sangre, pol-o gusto morboso de seguir vidas en frío-agrando a suma dos mártires da libertade.

Criminal ó xeito dos seus países, o réxime franquista somentes foi superado por aqueles ió-falanxistas que eran un díno expoñente do que foron nos seus tempos o fascismo ió-nazismo. Franco é un bon desípulo d-aqueles dous sátrapas que, ó remate de contas, morreron como tiñan que morer, como criminais que foran. E Franco seguramente ha de morer así tamén quindando nun trelo coas pezuñas prarriba comos porcos.

Máis, agora non é, por certo, o intré de pensar na cráis de morte que se lle vai a dar a esa besta ferroza, a ese crímen que non ten reparo en facer fusilar a cantos de oponentes á sua desenfrenada acción de ditador i-enemigo da libertade. Xa se verá despoxeando cando chegue a ocasión de perseguilo a donde queira que vaia hasta collelo e facerlle pagar os seus moitos crímenes.

Coidamos que non fallará un Sandro Pertine español (mellor si é galego) que o faga ficar como un porco, igual que ficou Mussolini na praza Loreto de Milán.

Agora é tempo de condenación temporal de repudio, tempo de protesta contra esa ola de asesinatos

de homes e mulleres que non teñen mais culpa que a de amar a libertade e ser nemigos de Franco e a sua ditadura.

O mundo enteiro érguese congozado e crama por que os países que teñen forza moral e material deixen a sua attitude tolerante pra co réxime franquista e fagan xusticia ó pobo de Hespánia; o mundo enteiro crama e protesta pol-o derramamento de tanta sangre esixindo que se respeten as vidas dos direitos dos que lottaron e lottan pol-a libertade, dos que traballan por facer que o pobo hespánol seña ceibe e non teña que soportar mais a brutalidade do franquismo que é a meirande pragá que sufriu Hespánia ié-vergonza prá civilización.

S

A visita de Cacheiro Rei, presidente da Irmandade Galega de Mendoza

Durante uns breves días estivo nesta Capital, na compañía da sua dona, o irmán Cacheiro Rei, tendo seguido viaxe a Necochea, onde pasaran unha tempada de vacacións. Ao seu retorno esperamos tere a satisfacción de recibilos no seo da Irmandade Galega para testimoniarles a simpatía dos irmáns de Bós Aires e corresponder a delicada cordialidade de que tan repetidas mostras nos teñen dado os nozos irmáns da capital andina.

Lembrando a Antón Vilar Ponte no 10º Aniversario da súa Morte

0º. Aniversario da Morte de Anton Vilar Ponte

O dia 3 de Marzo cumplíense dez anos que morreu Anton Vilar Ponte.

"A NOSA TERRA", en homaxe a memoria do grande i-escrivido patriota, que tan fondo fixo entrar na conciencia gallega o arado da sua predría incansable i-acendida fe redentora, adicale o presente número, como unha ofrecida agarrimosa e devota, na que pon o tributo da sua ben erizada gratitudade, da sua admiración e do seu carío e coto acceso.

A Irmandade Galega de Bos Aires terá, en recordanza de Vilar Ponte, unha sesión necrolóxica, e para non suar de sesións un retrato deste grande patriota galego.

Adicadas a eisaltar os méritos do insigne galeguista apagado neste número de "A NOSA TERRA" traballo de Luis Óbido, Alvarez Gallego, Zapata García, Avelino Díaz e Alonso José. Tamén se reproduce do Diario de Sesións das Cortes españolas a crónica da sesión feita para honralo na data da súa morte.

XERARDO ALVAREZ GALLEG

Vilar Ponte O líder morto

"Yo vi su sepultura". Jean Passat

Macia a coor, coma Don Quijote, Antón Vilar Ponte tamén é señor de outas cabalarias, o esmo que o magoadou todo da unha. Por unha dona dos seus dousmados — Galicia — ríofitas arriscadas, escontra "aleotes" e "yangüeses". No seu batear de periodista, remeiro de iste patache que nogue e esfolga, como unha muller, hai unha duceza de mimos de artigos. Pro non hourido Vilar Ponte necesitouse rexer una pena, sempre farña, nin de aquela súa abriza de dexergar, nin da súa latura, fleisibel, ampría, encipédica, como a francesa do século XVIII. Abondalde pra súa oria, coa adicación da súa vida ápera fidel das mellorres alegas. A Patria, pra Vilar nente, coma pra Marti, foi deco "agonía e deber". Non de ouxe, xeito cobroux a Xerxes, o miñante da area Ise albre gano que lle deu avesio nas randas da súa predría anter e semelleira.

Por eíqui, por ista Habana de enturas abafadas, andivo a a facha enquistillada. Vilar nente emigrou tamén, coma canón tamén, para aguado polos irmáns apresados na mesma congoxa. Alí o deixamos. Cara o Orzán, ainda enfurruñado de noxos invernais, cauteado de quinas de escuma. Caiu a lousa sobre da cova; cairon as sombras da noite; cafan os nosos impados; cairon as verbas de Otero Pedrayo. (Verbas de adeusos definitivos; verbas húmidas, madidas dos saloucos de todos). Vilar Ponte quedou alí. Alí, baixo a quedella vexetal de un pino, señor do espacío o de silencio derradeiro. I, ao menos, morreu alí. ¡Qué en vexa! Namrentas nós, ainda andamos a rezar a oración supre de realizacións, pilotou Adelar Novo; en "Alma Gallega", e fundou e dirixiu, fican en ba moitas "racions" de traballas seus; más e millores, dende o, que aquelas do Dr. Thebus, inventor do nome. Non emigrantes, recordase fundamentalmente a Vilar Ponte polas colaboracións do "Diario de Marina", en tempos de Don Colás. Xa entón Vilar Ponte daba a derramar o seu coraí galego. Aquí coraíz do que dilo decir, denantes de morrer, na Guerra Junqueiro:

Quiero morir en el Edén de España sin más riquezas y sin más fortuna — o sitio le era estrecho — activo y viejo corazón.

Sesión de Cortes en Honor do distinto Diputado Galeguista

¡ADEUS!

(A LEMBRANZA DE ANTON VILLAR PONTE)

... e voltarán os días i-as noites, os amencerces i-los luscos e fuscos, e voltarémos nós a lembrarnos de ti como dun irmán dleto, ben querido, que un dia, fuxindo de noso fogar, foise, polo vieiro da emigración definitiva, cara a un país iñorado...

e voltarémos a lembrarte sempre, por que, no fogar, haberá

decote un sítio valdeiro, o sítio que ti deixache; e chegarán as ho

ras de xantar i-en frente á branca alberga do mantés de liño, es-

tará a tua cadeira, sítio; i-agardaremos un pouco a ver se vés, ou

sairemos á porta a berrache... "Antón, ai Antón, ven, hom,

ven!"...

e non virás, por que te fuche polo vieiro sin fin, cara a un país iñorado; non virás, pro nós seguimos

nos portas, agardándote e chamaendo por ti... "Antón, ven, Antón, ven!..." e non virás, nin te

remos mais novas de ti; somentes, aló nas outuras, n-un recanto dos espacios sideras, unha estrela bri-

llará mais, acenándonos e, coma quén, decindónos, "non vou, pro

estou equi, andalo pra vosco"...

e non virás, por que te fuche polo vieiro sin fin, cara a un país iñorado; non virás, pro nós seguimos

nos portas, agardándote e chamaendo por ti... "Antón, ven, Antón, ven!..." e non virás, nin te

remos mais novas de ti; somentes, aló nas outuras, n-un recanto dos espacios sideras, unha estrela bri-

llará mais, acenándonos e, coma quén, decindónos, "non vou, pro

estou equi, andalo pra vosco"...

e cando sejan os intres de rezar o rezo de fé i-esperanza, o

prego da nosa patria, a oración de todos os días, polo ben de Ga-

licia, pola redención do fogar, ti non estarás con nós pra decir

o rezo de fé i-esperanza, pra dirixir, como denantes o facías, a

pregaria de todos, ou ben, retrouscar o prego que todos os días fai

a patria nosa, no altar da súa illusión, ainda insatisfacta... non

estarás con nós e voltarémos a berrache... "Antón, ai Antón,

ven, hom, ven!..." e non virás por que te fuche polo vieiro da

emigración definitiva, cara a un país iñorado...

e cando sejan os intres de rezar o rezo de fé i-esperanza, o

prego da nosa patria, a oración de todos os días, polo ben de Ga-

licia, pola redención do fogar, ti non estarás con nós pra decir

o rezo de fé i-esperanza, pra dirixir, como denantes o facías, a

pregaria de todos, ou ben, retrouscar o prego que todos os días fai

a patria nosa, no altar da súa illusión, ainda insatisfacta... non

estarás con nós e voltarémos a berrache... "Antón, ai Antón,

ven, hom, ven!..." e non virás por que te fuche polo vieiro da

emigración definitiva, cara a un país iñorado...

e cando sejan os intres de rezar o rezo de fé i-esperanza, o

prego da nosa patria, a oración de todos os días, polo ben de Ga-

licia, pola redención do fogar, ti non estarás con nós pra decir

o rezo de fé i-esperanza, pra dirixir, como denantes o facías, a

pregaria de todos, ou ben, retrouscar o prego que todos os días fai

a patria nosa, no altar da súa illusión, ainda insatisfacta... non

estarás con nós e voltarémos a berrache... "Antón, ai Antón,

ven, hom, ven!..." e non virás por que te fuche polo vieiro da

emigración definitiva, cara a un país iñorado...

e cando sejan os intres de rezar o rezo de fé i-esperanza, o

prego da nosa patria, a oración de todos os días, polo ben de Ga-

licia, pola redención do fogar, ti non estarás con nós pra decir

o rezo de fé i-esperanza, pra dirixir, como denantes o facías, a

pregaria de todos, ou ben, retrouscar o prego que todos os días fai

a patria nosa, no altar da súa illusión, ainda insatisfacta... non

estarás con nós e voltarémos a berrache... "Antón, ai Antón,

ven, hom, ven!..." e non virás por que te fuche polo vieiro da

emigración definitiva, cara a un país iñorado...

e cando sejan os intres de rezar o rezo de fé i-esperanza, o

prego da nosa patria, a oración de todos os días, polo ben de Ga-

licia, pola redención do fogar, ti non estarás con nós pra decir

o rezo de fé i-esperanza, pra dirixir, como denantes o facías, a

pregaria de todos, ou ben, retrouscar o prego que todos os días fai

a patria nosa, no altar da súa illusión, ainda insatisfacta... non

estarás con nós e voltarémos a berrache... "Antón, ai Antón,

ven, hom, ven!..." e non virás por que te fuche polo vieiro da

emigración definitiva, cara a un país iñorado...

e cando sejan os intres de rezar o rezo de fé i-esperanza, o

prego da nosa patria, a oración de todos os días, polo ben de Ga-

licia, pola redención do fogar, ti non estarás con nós pra decir

o rezo de fé i-esperanza, pra dirixir, como denantes o facías, a

pregaria de todos, ou ben, retrouscar o prego que todos os días fai

a patria nosa, no altar da súa illusión, ainda insatisfacta... non

estarás con nós e voltarémos a berrache... "Antón, ai Antón,

